

Unha mostra do tratamento da *Homonimia* nos dicionarios galegos

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

1. INTRODUCCION

A pesar de que xa é case un lugar común o recoñecemento da importancia do léxico galego polo seu conservadurismo dentro da Romanía, ata non hai moito tempo non se comezou unha recollida exhaustiva do léxico galego. Ata hai moi poucos anos, podemos dicir que tódolos dicionarios do galego eran de carácter bilingüe, e obra de afeccionados con maior ou menor intuición, pero que carecían das bases máis elementais dunha teoría da lexicografía, é dicir, dunha metodoloxía científica que, á hora de elaborar un dicionario, sexa capaz de dar conta dos problemas teóricos que se presentan e da súa resolución práctica. Dalgúñas obras lexicográficas galegas podemos mesmo dicir que son máis ben froito do traballo manual que do traballo intelectual ou, como se ten dito, algún lexicógrafo traballou máis coa tesoiira que coa pluma.

Por sorte, nos últimos anos, na lexicografía galega produciuse un adianto notable, tanto na cantidade coma na calidade dos traballos, aínda que a miúdo se segue observando unha falta de formación profesional dos lexicógrafos. Un dos problemas que máis chaman a atención na lectura dos dicionarios galegos é o tratamento que se lles dá ás palabras *homónimas*.

Falamos de homonimia cando se dá a identidade fónica ou gráfica entre dúas palabras completamente distintas pola súa orixe e polo seu significado. Cando se produce identidade fónica chamámoslle *homofonía*; e cando identidade gráfica, *homografía*. Son coñecidos abondo os problemas da distinción entre a homonimia e a polisemia, e esta dificultade levou a algúns lexicógrafos a reagrupa-los homónimos, e non presentalos no dicionario como entradas distintas. É este un problema co que debe enfrontarse todo lexicógrafo cando inicia a redacción dun dicionario, e tanto o mante-los homónimos en entradas separadas, como a súa reagrupación poden ser opcións válidas se se xustifican debidamente. Con todo, a fidelidade histórica e a utilidade pedagóxica parece que fan recomendable rexistra-las palabras homónimas como entradas distintas, e así se fai en obras tan prestixiosas coma o *Petit Robert* (1), o *Longman Dictionary of*

(1) Robert, Paul: *Le petit Robert. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*, Montréal-París, 1985 (nova edición corrixida e actualizada).

Contemporary English (2) ou o *Oxford Elementary Learner's Dictionary of English* (3), por non citar máis ca algún exemplo significativo. O que de ningún xeito parece admisible é a falta de criterio ou a incoherencia no tratamento destas voces, que é o que observamos con frecuencia nos dicionarios galegos.

2. CORPUS DA ANALISE

Para dar unha mostra do tratamento inaxeitado das palabras homónimas, imos tomar como corpus de análise a letra A do *Dicionário da Língua Galega* dirixido por Isaac Alonso Estravís (4). Neste dicionario preténdese tratar como entradas independentes cada un dos homónimos: neste caso, para distinguilos, a entrada vai seguida dun número infraescrito, por ex.: A₁, A₂, A₃, A₄, A₅; Abada₁, Abada₂; Acuminar₁, Acuminar₂, etc.; e o criterio que se trata de seguir para diferenciar-las palabras homónimas parece que é o etimolóxico. Estes criterios metodolóxicos semellan correctos, pero unha cousa é o mundo das intencións e outro o das realidades, e podemos ver a continuación como a falta de coñecemento da realidade histórica da lingua fai que a distancia entre o que se pretende facer e o que se fai resulte realmente notable, de maneira que podemos dicir que no corpus analizado hai unha verdadeira anarquía no tratamento dos homónimos. Velaquí algunhas mostras:

ABADAR

Abadar, v. tr. (1) Enfaldar, recoller as faldas polos extremos para poder levar algo no oco que se forma. (2) Prover de abade [der. de *abade*].

Non se distingue entre **abadar**¹, voz relacionada con *aba* 'faldra', quizais do lat. *alipes* 'alado' (vid. Corominas, I, s.v. *álabe*) (5), e **abadar**², palabra derivada de *abade* 'aquele que goberna unha abadía', do lat. *abbas*, *abbatis*, e este do arameo *abba* 'padre', a través do grego. A acepción (1) corresponde a **abadar**¹, e a (2) a **abadar**².

ABIÑAR

Abiñar (ABINHAR), v. tr. (1) Formar mazarocas de dous en dous fios para logo tocé-los. (2) Comezar a fruta a madurecer antes de tempo.

Evidentemente, confúndense acepcións correspondentes a dúas palabras distintas: **abiñar** e **aviñar**.

(2) *Longman Dictionary of the English Language*, Essex 1985 (reimpresión da primeira edición de 1984).

(3) Hornby, A. S., *Oxford Advanced Learner's Dictionary of Current English*, Oxford University Press, London, 1987 (3ª edición, 26 reimpresión).

(4) Alonso Estravís, Isaac: *Dicionário da Língua Galega*, Alhena Ediciones, Madrid, 1986.

(5) Corominas, J. e Pascual, J. A.: *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, ed. Gredos, Madrid, 1984, tomo 1, s.v. *álabe*.

Abiñar procede dun étimo **binare*, formado a partir do lat. *binus* 'dobre', e está emparentado co cast. **binar**, fr. **biner**, oc. e cat. **binar**, etc. A esta entrada corresponderíalle a acepción (1) 'formar mazarocas de dous en dous fíos para logo torcelos'.

Aviñar, en cambio, é un derivado de **viño**, e nesta entrada é onde habería que situa-la acepción (2) 'comeza-la froita a madurecer'. Dise que a froita xa está aviñada, ó madurecer, porque comeza a te-la cor do viño.

Esta mesma confusión atopámola tamén na entrada **aviñar**:

Aviñar (AVINHAR), v. tr. (1) Afastar mediante o aviñadoiro o viño pisado na tinalla. (2) Baixar o bagazo do viño canto [sic] está fermentando na vasilla onde se pisa. (3) Tempear ou misturar con viño. Impregnar ou dar cor de viño a. (4) Madurar a fruta. (5) Unir varios fíos e envolvé-los formando unha especie de novelo, para retorcé-los logo xuntos na roca. (6) Embededar. Emborrachar. v. i. Criar pus unha ferida ou parte golpeada. v. r. Inflamar-se con pus unha ferida: '*aviñou-se-me a ferida*'.

onde a acepción (5) 'Unir varios fíos...' debe pasar para **abiñar**.

ABOJAR

Abojar, v. tr. (1) Pór boias a un obxecto para manté-lo flutuando sobre a água. Flutuar. (2) Cobrir o boi a vaca: '*vaca aboiada*'. (3) Estimular ao gado para que ande. (4) Traballar con bois. v. i. (1) Sobrenadar, manter-se na superficie da água. (2) Andar sen rumbo fixo por ruas e camiños entretendo o tempo por falta de ocupación ou por folgazanaría: '*andar aboiado*'. v. r. Suster-se un nadador boca arriba sen aparentemente mover as maos nen os pés.

Cómpre distinguir entre **aboiar**¹, derivado de **boi** 'touro', do lat. *bos, bovis*, e **aboiar**², derivado de **boia** 'sinal flotante', voz tomada dunha variante antiga ou dialectal do fr. *houée*, e esta quizais do fránico **baukan* 'sinal', 'boia' (vid. Corominas, I, s.v. *boya*¹) (6).

As acepcións 'cubri-lo boi á vaca', 'estimular ó gando', 'traballar con bois' pertencen a **aboiar**¹; e as acepcións 'pór boias', 'sobrenadar', 'andar sen rumbo', 'sosterse' pertencen a **aboiar**².

ALFA

Alfa, s. f. (1) Primeira letra do alfabeto grego que corresponde ao noso A. (2) O ar caldeado que sai pola boca do forno. (3) Vento cálido do sul. (4) Chama do sol que quenta moito e o mesmo sol moi quente. Locs. *O alfa e o omega*: o principio e o fin. *Raios alfa*: raios emitidos por corpos radioactivos [gr.-lat. *alpha*].

A acepción (1) e as locucións *O alfa e o omega* e *Raios alfa* corresponden a un **alfa**¹, procedente do gr. ἄλφα a través do lat. *alpha*. Pero as acepcións (2) e (3) non teñen nada que ver coa denominación da letra grega, senón que hai que poñelas en relación co verbo **arfar**, probablemente continuador dun lat. vg. **arefare*, redución do lat. cl. *arefacere* 'secar, murchar'. Este verbo **arfar** sufriu unha disimilación de vibrantes que deu lugar á variante **alfar**, a partir da que se formou un

(6) Corominas, J. e Pascual, J.A.: *op. cit.*, I, s.v. *boya*¹.

substantivo deverbativo **alfa**². Este substantivo ten xénero feminino, pero **alfa**¹ en galego debe ter xénero masculino, como corresponde nesta lingua ós substantivos que designan as letras (cfr. o efe, o ese, o xe, etc.); este aspecto tamén está errado no dicionario, onde aparecen tódalas acepcións como femininas.

ALOBADO

Alobado, adx. (1) De cor semellante á do lobo. (2) Pode aplicar-se tamén a un animal que foi mordido polo lobo. (3) Carbúnculo, doenza do gado.

Como pode verse, aparecen tres acepcións desta voz, que se considera un adxectivo. Se ben as dúas primeiras acepcións pertencen á clase de palabras dos adxectivos, non hai dúbida de que a acepción (3) 'carbúnculo, doenza do gando' é un substantivo. Pero non é este o problema que nos interesa na análise que estamos a facer, senón o da homonimia; e desde este punto de vista parece claro que estamos diante de dúas palabras homónimas:

Alobado¹, adxectivo, derivado de lobo (do lat. *lupus*), ó que corresponden as dúas primeiras acepcións.

Alobado², substantivo, relacionado con lobo 'lóbulo', procedente do gr. *λοβος* 'papo da orella' 'lóbulo do fégado', ó que pertence a acepción (3) 'carbúnculo, doenza do gando'.

AMOLLOAR

Amolloar (AMOLHOAR), v. tr. (1) Xuntar as gavelas para facer os mollos ou feixes. (2) Demarcar unha leira. Pór os marcos nunha herdade. Sinóns. *Delimitar, estremar*.

Estamos diante de acepcións que corresponden a voces distintas:

Amolloar¹, verbo relacionado co substantivo **mollo** ou **monllo**, do lat. vg. *manuculus*, alteración do lat. *manupulus*. Nesta entrada debe figura-la acepción (1).

Amolloar², que é voz paralela á castelá **amojonar** (se non é calco desta) e á asturiana **amuñonar**. Este verbo é un derivado dun substantivo que existiu no galego medieval **mollón** (dezaparecido no galego moderno, substituído por **marco**), que o mesmo có castelán **mojón** e o cat. **molló** son continuación do latín hispánico **mutulo, -onis*, derivado do lat. *mutulus* 'cabeza saínte dunha viga', 'madeiro fincado nunha parede'. A esta entrada pertence a acepción (2) 'demarcar unha finca. Pó-los marcos nunha herdade'.

ANAL

Anal, adx. (1) Relativo ao ano, que se fai repetindo-se de ano en ano. (2) Que ten relación co orificio do ánus. s.m. (1) Misa que se di pola alma de algunha persoa todos os días du-

rante un ano. (2) Día en que se cumpre o aniversario da morte de alguén. (3) Ofenda que se puña na sepultura desde o día do enterro até que pasaba un ano.

Obsérvase a confusión entre dúas palabras que, á parte da coincidencia formal, non teñen ningún outro tipo de parentesco. Son necesarias, xa que logo, dúas entradas:

Anal¹, adxectivo, derivado de **ano**, do lat. *anus* 'anel, ano'. Nesta entrada habería que incorporar-la acepción (2) 'Que ten relación co orificio do ano'.

Anal², do latín *annalis*, derivado de *annus*. A esta entrada pertencen todas as outras acepcións.

ANALISTA

Analista, adx. e s. (1) Que, ou a persoa que analiza. (2) Que é versado en álgebra ou en química. adx. Que escribe anais.

Non se fai a distinción, que parece obvia, entre:

Analista¹, da familia de **análise**, que é unha palabra tomada do francés **analyste**, á que pertencen as acepcións 'Que, ou a persoa que analiza' e 'Que é versado en álgebra ou en química'.

Analista², formada sobre **anal** (da familia de **ano**, cfr. *os anais da historia*), do lat. *annalis* (véx. **anal**²). A esta entrada habería que incorporar-la acepción 'que escribe anais'.

ANCO

Anco, s.m. (1) Cotovelo ou enseada na costa do mar. (2) Reentrancia nos portos e enseadas. Angra. (3) Tenazas dos crustáceos [gr. *agkon*, lat. *ancu*].

A palabra **anco**, coas acepcións (1) e (2), entrou no portugués por vía culta, probablemente no séc. XVI, tomada do lat. *ancu*, e este do gr. *ἀγκύριον*. Estas acepcións non están documentadas en galego, e hai mostras evidentes de que os autores do dicionario as tomaron do portugués: compárese, por exemplo, a acepción (1) 'Cotovelo ou enseada na costa do mar', coa que aparece no *Dicionário da Língua Portuguesa* de Cândido de Figueiredo 'Cotovelo ou enseada na costa' (7) (formulación idéntica á que aparece no *Novo Dicionário Aurélio* (8) e noutros) ou coa que atopamos no *Dicionário da língua portuguesa* de Porto Editora 'recanto ou enseada na costa do mar' (9). Que a redacción desta acepción

(7) Figueiredo, Cândido de: *Dicionário da Língua Portuguesa*, Bertrand Editora, 23 edic., Lisboa, 1986, vol. 1, s.v. *anco*.

(8) Ferreira, Aurélio Buarque de Holanda: *Novo dicionário da língua portuguesa*, Editora Nova Fronteira, 1ª ed., Rio de Janeiro, 1975, s.v. *anco*.

(9) Costa, J. Almeida e Melo, A. Sampaio: *Dicionário da língua portuguesa*, Porto Editora, 6ª ed., Porto, 1984, s.v. *anco*.

non é propia demóstrao a utilización da voz **cotovelo** co significado de 'enseada', que non é coñecida en galego (nin os autores do dicionario recollen na entrada **cotovelo** este significado de enseada, que utilizan para definir **anco**). A pesar de todo isto, non habería grave inconveniente en admitir tamén para o galego esta voz por vía culta, pero o que non se pode é confundir co outro **anco** ó que corresponde a acepción (3) 'tenzas dos crustáceos', palabra que hai que emparentar co antigo alto alemán *ango* 'gancho', e da mesma familia có galego **anga** e **angazo**. Como é sabido, nunha parte do occidente de Galicia, o grupo **ng** pasa a **nk**, zona na que se documenta precisamente a palabra **anco** con este significado.

APANAR

Apanar, v. tr. (1) Facer semellante ao pano. Botar frangullas de pan no caldo, disolver pan en água. v. r. Embazar-se.

Nesta entrada mestúranse acepcións correspondentes a dúas palabras distintas:

apanar¹, derivado de *pan*, ó que corresponde a acepción 'Botar frangullas de pan no caldo, disolver pan en auga'.

apanar², derivado de *pano*, ó que hai que asigna-las acepcións 'facer semellante ó pano' e 'embazarse'.

APANIGUAR

Apaniguar, v. tr. (1) Abrigar con panos. (2) Protexer. Favorecer. (3) Manter, sustentar.

Estamos diante dun caso semellante ó de **apanar**. Nesta entrada recóllense acepcións correspondentes a dous étimos distintos:

apaniguar¹, voz tomada do castelán, aínda que apareza documentada xa na lingua da idade media e esta viva aínda no portugués, que procede do latín *panificare*, e que polo tanto está relacionada coa palabra *pan*. A esta entrada corresponderían as acepcións 'manter, sustentar' e 'protexer, favorecer'.

apaniguar², voz derivada de *pano*, á que corresponde a acepción 'abrigar con panos', que o dicionarista toma sen dúbida de A. Otero (*Voc. de Piquín*) (10) que a dá como variante de **empaniguar**, e á que habería que engadi-la acepción, bastante corrente na parte oriental de Galicia, de 'cubrirse o ceo, anubrarse'.

(10) Otero Álvarez, Aníbal: *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Anexo 8 de *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, 1977, s.v. *apaniguare* e *empaniguar*.

APORTAR

Aportar, v. tr. (1) Levar alguén a parte que lle corresponde á sociedade da que é membro, e, sobretudo, levar bens o marido ou a muller á sociedade matrimonial. (2) Levar a calquer sitio. v. i. Chegar ou entrar nun porto. Ancorar. Desembarcar. Sinóns. *Traer, ancorar* [lat. *apportare*].

Evidentemente confúndese nesta entrada dous verbos distintos:

aportar¹, voz tradicional galega desde a época medieval, que existe tamén no portugués, é un verbo de formación romance a partir do substantivo *porto*. A este verbo pertencen os significados de 'chegar ou entrar nun porto', 'ancorar', 'desembarcar'. Pero cómpre distinguir este verbo do **aportar²**, que imos ver a continuación.

aportar², tomado do francés *apporter*, e este continuador do lat. *apportare*. Na acepción de 'Levar alguén a parte que lle corresponde á sociedade da que é membro e, sobre todo, levar bens o marido ou a muller á sociedade matrimonial' é un galicismo xurídico, que entrou no galego a través do castelán no séc. XIX, e que é preferible na nosa lingua substituír por *levar* ou *achegar*.

APUAR

Apuar, v. i. e r. (1) Pór pontiagudo, afiado ou ovalado algo. (2) Apoiar, repousar. (2) Cravar con puas. Atormentar con puas.

Non se pode confundir **apuar¹** 'apoiar, repousar', variante de *apoiar*, documentada nos dicionarios de Valladares (11) e de Eladio Rodríguez (12), desde onde pasou a outros posteriores, con **apuar²** 'cravar con puas', 'pór afiado ou puntiagudo coma unha púa', que é un verbo derivado do substantivo *púa*, que é unha forma diverxente da máis común *puga* 'cravo'. En caso de introducir estas voces no dicionario -persoalmente, creo que unha análise lexicográfica mínimamente crítica debería botar fóra dos dicionarios ámbalas voces; pero este é outro problema que sae do tema deste traballo- habería que facelo, xa que logo, en entradas distintas.

ARA

Ara², s. f. (1) Labor ou ocupación de arar a terra. (2) Parte de corda coa que se amarran os cornos da vaca ao xugo.

Resulta evidente que na entrada que neste dicionario aparece como **ara²** hai que considera-las dúas acepcións como pertencentes a palabras distintas: na acepción 'labor ou ocupación de ara-la terra' estamos diante dun substantivo *ara*,

(11) Valladares, Marcial: *Diccionario gallego-castellano*, Santiago, 1884, s.v. *apuar*.

(12) Rodríguez, Eladio: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, ed. Galaxia, Vigo, 1958, tomo 1, s.v. *apuar*.

que é un deverbais do verbo *arar*; pola contra a acepción 'parte de corda coa que se amarran os cornos da vaca ó xugo' é propia doutro *ara*, que está formado a partir de *aro* (do mesmo tipo que *coitelo-coitela*, *agro-agra*, etc.).

ARADOR

No diccionario que examinamos aparecen dúas entradas para esta voz:

Arador₁, s. m. Gusano que perfura e roi a froita.

Arador₂, adx. e s. Persoa que ara. Labrador [lat. *aratore*].

Arador¹ e **arador²** débense reducir a unha única entrada, xa que se trata de dúas acepcións dunha palabra que responde a un único étimo, o lat. *aratorem*, derivado do verbo *arare*. A acepción de 'gusano que perfura e roe a froita' explícase polos sucos que o seu paso deixa na froita, semellantes ós que deixa o paso do arado. A esta acepción habería aínda que engadi-la de 'parásito arácnido que produce a sarna'.

ARCADA

Arcada, s. f. Arquit. (1) Pasaxe ou galería guarnecida cunha serie de arcos contíguos. (2) Abertura en parede ou muralla, con forma de arco. (3) Abóbada arqueada. (4) Mús. Movemento do arco nos instrumentos de cordas friccionábeis. (5) Movimentos anelantes do peito, ao respirar con dificultade. (6) Espazo comprendido entre o costelame dun animal. pl. Náuseas, desexo de vomitar [it. *arcata*].

Sorprende en primeiro lugar que se dea como étimo para esta palabra en tódalas súas acepcións o it. *arcata*. Existe como forma patrimonial (non préstada) galega, portuguesa e castelá a voz **arcada**, e o que si probablemente deba ó italiano é algunha das súas acepcións relacionadas coa arquitectura.

Pero no galego actual temos dous homónimos baixo esta forma **arcada**, un deles derivado de *arca* 'tórax, caixa do peito', ó que pertence a acepción 'espacio comprendido entre o costelame dun animal', e outro, derivado de *arco*, ó que hai que asignar tódalas outras acepcións. Unicamente presenta dúbidas a acepción 'nauseas, desexo de vomitar' (Corominas (13) é partidario de atribuíla á voz derivada de *arco*).

ARQUEAR

Arquear, v. tr. (1) Dar forma de arco, curvar. (2) Náut. Medir a capacidade dos espazos internos dunha nave. v. i. Tomar forma de arco, dobrar-se U. t. c. r. (2) Alasar, arquear [der. de *arco*].

Cómpre tamén nesta entrada diferencia-la acepción (2) 'Náut. Medir a capacidade dos espazos internos dunha nave', que corresponde a un **arquear²**, derivado de *arca*, e non de *arco* como ocorre nas demais acepcións.

(13) Corominas, J. e Pascual, J.A.: *op. cit.*, I, s.v. *arco*.

ARREDOAR

Arredoar, v. tr. (1) Rodear. (2) Andar ao redor. (3) Pór algunha cousa arredor de outra.

Nesta entrada mestúranse as acepcións dun verbo **arredoar**, derivado de **redor** (do lat. *retro*), coas doutro verbo de escasa presenza dialectal que é unha forma metatizada de **arrodear**, derivado de **roda** (do lat. *rota*).

ARREGOAR

Arregoar, v. tr. (1) Reducir ou suxeitar a regra. (2) Acomodar algunha cousa a unha regra determinada. (3) Abrir sulcos ou regos, sobretodo na terra ao labrá-la. (4) Encauzar as águas por un rego. (5) Compaxinar. Coordinar. Loc. *Arregoar a lua*: ser lua chea.

Cómpre diferenciar nesta entrada as acepcións 'reducir ou suxeitar a regra', 'acomodar algunha cousa a unha regra determinada', que corresponden a un **arregoar**¹, formación paralela a **arregar**, emparentado co latín *regula*, das que pertencen a outro verbo **arregoar**², formado a partir do substantivo **rego**, que é unha voz de orixe prerromana ('abrir sucos ou regos na terra', etc.).

ARRENDAR

Arrendar₁, v. tr. (1) Dar ou tomar en arrendamento algunha facenda, herdade ou posición. (2) Adornar con rendas, encaixes, unha tela [der. de *renda*].

Arrendar₂, v. tr. (1) Dar a segunda sacha ao millo, patacas e videiras. (2) Pór-se en perigo. (3) fám. Facer méritos para que lle reñan fortemente a un. Rfr. '*Arrenda-me cedo e cava-me tarde, que non traballas en balde*'. [lat. *reiterare*].

Arrendar₃, v. tr. Atar polas rédeas unha cabalgadura [der. de *renda*, por *rédea*].

Atopamos neste dicionario tres entradas **arrendar**, e con bo criterio, porque parece claro que hai que distinguir:

arrendar¹, emparentado co latín *reddere*, que se alterou no lat. vg. en *rendere* e deu en gal. **render**, do que se formou un deverbais **renda**, se é que este substantivo non foi tomado do catalán ou do occitano. Sobre este substantivo **renda** formouse un verbo **arrendar**.

arrendar², procedente do latín *reiterare*.

arrendar³, derivado de **renda**, continuador do latín vulgar *retina*, derivado de *retinere* 'reter'.

Pero o mesmo acerto non acompaña ós autores do dicionario na asignación das diferentes acepcións a cada unha destas tres palabras: A acepción 'pór-se en perigo', que figura en **arrendar**² debe pasar a **arrendar**¹; e a acepción 'adornar con rendas, encaixes, unha tea', que figura en **arrendar**₁, non pode ser atribuída en realidade a ningunha das tres entradas, xa que se trata dunha voz dis-

tinta, derivado de **renda**, irmá do cast. e cat. **randa**, que é probablemente unha voz de orixe céltica.

ARRETAR

Arretar, v. tr. (1) Apertar ben un tapón. (2) Apertar a carga do carro. Tensar a corda. (3) Cerrar perfectamente un oco. (4) Incitar a pelexar. Retar. Desafiar. (5) Facer voltar para atrás. (6) Corrixir, reprender, educar, v. r. (1) Pór-se unha cousa moi apertada, como tapón. (2) Quedar atrás, pero moi apegado a outra persoa camiñando ou traballando.

Sobre o verbo **atar** (do lat. *aptare*) formouse en galego un derivado **reatar** (existente tamén no castelán), e de aquí a forma galega actual **arretar**. Pero na entrada do dicionario confúndese este derivado de **atar** con outro **arretar**, que non é máis ca unha realización con a- protético do verbo **retar**, procedente do latín *reputare*: as acepcións 'incitar a pelexar. Retar. Desafiar' e 'corrixir, reprender, educar' non teñen nada que ver co derivado de **atar**.

ARRIZAR

Arrizar, v. tr. (1) Pór rizos nas velas de forma que diminua a súa superficie. (2) Dar denteira. (3) Arrepiar, enfurecer, encrespar. (4) Encirrar o can. v. r. (1) Arrepiar-se, enfurecer-se, encrespar-se. (2) Sentir denteira.

Sorprende en primeiro lugar que aparezan no dicionario dúas entradas desta voz, unha con seseo **arrisar** e outra sen seseo, cando este criterio non se segue coas outras palabras do dicionario. Quizais os dicionaristas, cando tomaron do Apéndice do dicionario de E. Rodríguez (14) a forma **arrisar** (recollida na Mahía) coa acepción metafórica de 'mellorar, revivir' non se decataron de que era a mesma voz que **arrizar**.

Pero o importante no aspecto que estamos estudando é que se mestura a acepción 'Pór [sic] rizos nas velas de forma que diminúa a súa superficie', que corresponden a **arrizar**¹, derivado de **rizo** (tomado do fr. *ris*) coas correspondentes a **arrizar**², variante de **acirrar** ou **encirrar**, que é outra palabra distinta.

ARTICULAR

Articular, v. tr. (1) Reconstituir unha articulazón descoxuntada. (2) Pronunciar palabras. (3) Modificar o son das vogais por meio de consoantes. adx. Relativo ou pertencente ás articulazóns. s. m. Peza endosquelética do arco mandibular dos vertebrados inferiores [lat. *articulare*].

Difícilmente explicable é a incorporación a unha mesma entrada do verbo **articular** e do adxectivo homónimo, que en determinados usos lingüísticos de tipo técnico tamén pode aparecer usado como substantivo. Probablemente o que levou ós autores a introducir todo nunha mesma entrada foi o veren nalgún dicionario etimolóxico que ámbalas palabras proceden dunha forma latina *articulare*, sen se decataren de que nun caso se refire ó verbo latino *articulare* e no outro á forma do

(14) Rodríguez, E.: *op. cit.*, t. 3, Apéndice, s.v. *arrisar*.

latín vulgar correspondente ó acusativo do adxectivo *articularis*, *-e*. Cómpre, xa que logo, xebra-lo contido desta entrada, introducindo as acepcións referidas ó verbo nun lema, e as referidas ó adxectivo e substantivo noutro.

ARUME

Arume₁, s. m. (1) As follas ou ramiñas secas dos piñeiros que caen ao chan. Sinóns. *Bruma*, *faisca*, *musgo*, *penica*, *pica*, *picaña*, *picaza*, *pico*, *pinica*, *pubela*, *pucha*, *pulazo*, *puma*. (2) Segundo o P. Sobreira: cousa débil que se desfai como a leña frouxa e que tamén recibe o nome de *arúmia*. (3) Fragáncia que despeden algunhas flores.

Arume₂, s. f. (1) Conxunto de aros dispostos para facer cestas. (2) Parte da cesta onde están os aros.

Como se pode ver aparece feita a distinción evidente entre **arume**¹ (derivado de *ar*), e **arume**² (derivado de *aro*); pero a acepción (3) de **arume**¹ debe ser eliminada, porque se trata dunha acepción inventada no galego, que acadou certa difusión nalgúns dicionarios, que dan como exemplos textos literarios mal interpretados. Trátase dunha refección analóxica de *aroma*, pola proximidade fonética que existe entre ámbalas formas. En todo caso, se se considera conveniente introducir esta acepción, habería que facelo nunha entrada distinta das anteriores.

ASADO

Asado₁, (ASSADO), s. m. (1) Carne asada. (2) Puceiro de barro con asas no que se acostuma gardar o leite.

Asado₂, (ASSADO), adx. Preparado ao fogo en seco, sobre brasas ou no asador.

Asado₃, adx. Guarnecido con asas: '*vaso con asas*'.

Hai que dicir que resulta bastante estraña a separación que se fai das acepcións que aparecen en tres entradas: **asado**¹, **asado**², **asado**³. En realidade non existen máis ca dous homónimos, un derivado do verbo *asar* (lat. *assare*), e outro derivado de *asa* (lat. *ansa*); sobra polo tanto unha das entradas. Pero tampouco se fai ben a separación das acepcións que corresponden a cada un dos homónimos, que debería se-la seguinte:

Asado¹, adx. Preparado ó lume en seco, sobre brasas ou no asador. s.m. Carne asada.

Asado², adx. Gornecido con asas. s.m. Puceiro de barro con asas no que se acostuma garda-lo leite.

ASARABULLAR

Asarabullar (ASSARABULHAR), v. tr. e r. (1) Asar demasiado unha cousa. (2) Fig. Dar conta de algo axiña. v. i. Sair na pele multitude de sarabullos ou pequenos forunchos.

Confúndese nesta entrada unha forma derivada de *asar*, ou ben modificada por este verbo, á que pertencen as dúas primeiras acepcións, con outra derivada de *sarabullo* (probablemente do lat. vg. **serpuculus*, derivado de *serpere* 'cundir'), á que pertence a acepción 'saír na pel multitude de sarabullos ou pequenos forunchos'.

ASENTE

Asente (ASSENTE), s. m. (1) Planta aromática da familia das compostas, espontánea e cultivada, tamén coñecida por *erva de Nosa Señora* e *erva lonbrigueira*. Licor feito con esta planta. adx. (1) Firme. (2) Sosegado. (3) Axustado, combinado [lat. *absinthiu*].

Non ten nada que ver a voz *asente*, que designa unha planta (procedente do lat. *absinthium*, que á súa vez a tomou do grego) con outra homónima derivada do verbo *asentar* (do lat. *adседentare*). Hai que introducir dúas entradas:

Asente¹, s.m. (1) Planta aromática da familia das compostas... (2) Licor feito con esta planta.

Asente², adx. (1) Firme. (2) Sosegado. (3) Axustado, combinado.

ASENTO

Asento (ASSENTO), s. m. (1) Móvel (cadeira, banco, etc.) ou lugar que serve para sentar-se. Sinóns. *Asentadeiro*, *asentadoiro*. (2) Base. (3) Residencia, morada. (4) Sítio onde está ou estivo fundada unha povoazón ou edificio. (5) Sedimento, pouso. (6) Tratado ou axustamento de paces. (7) Contrato para fornecer de alimentos ou outras cousas a un exército, provincia, etc. (8) Apontamento por escrito, rexisto. (9) Cordura, sensatez. (10) Repouso, tranquilidade. (11) Tira de lenzo ou tela ríxida que se pon no colarriño e nos puños das camisas. (12) Asente (planta). Locs. *Pegar-se-lle a alguén o asento*: estar moito tempo nalgures. *Estar de asento*: estar establecido definitivamente. *Tomar asento*: establecer-se. Sinóns. *Banco*, *cadeira*, *siso*, *sedimento*.

Erro semellante ó que acabamos de ver en *asente* é o que atopamos nesta entrada, da que é necesario retirar-la acepción (8), e pasala a un *asento*², xa que esta voz remonta ó lat. *absinthium*.

ASOMAR

Asomar₁ (ASSOMAR), v. i. (1) Subir ao cume. (2) Aparecer nun lugar algo. (3) Comezar a mostrar. v. tr. Amosar, amosar. v. r. Mostrar-se. Sinóns. *Aparecer*, *chegar*, *comezar* [lat. *ad* + *summum*].

Asomar₂ (ASSOMAR), v. tr. Arar facendo asoma.

Non hai razón para face-la distinción entre *Asomar*¹ e *Asomar*², porque todas son acepcións que remontan a un mesmo étimo. Débese polo tanto eliminar-la segunda entrada e pasa-la acepción que nela aparece á anterior.

ATA

Ata, s. f. Operación de atar con vime as cepas e os sarmentos aos paus que lles serven de sustén. prep. Até, expresa término de lugares, accións ou cantidades. adv. (1) Aínda, tamén. Emprega-se para executar unha acción. (2) Durante, dentro de: '*deben ata oito días ofrecer sendas candeas*'.

Non se pode confundi-lo substantivo feminino **ata**, derivado postverbal de **atar** (do lat. *aptare* 'suxeitar'), coa preposición **ata**, procedente do árabe *háttà*. Débense introducir, pois, dúas entradas:

Ata¹, s.f. Operación de atar...

Ata², prep. e adv.

ATADO

Atado¹, s. m. Lio de roupas ou conxunto de cousas atadas.

Atado², adx. (1) Persoa sen resolución, tímida. (2) Tacaño, avaro, mesquiño. Locs. *É moi atado: di-se da persoa avarenta. Atado de pés e maos: sen liberdade de acción.*

Non hai razón para introducir dúas entradas de **atado**, xa que tanto o adxectivo que aparece en **atado²** coma o substantivo que aparece en **atado¹** remontan ó participio do verbo **atar**, do que xa falamos. Débense, xa que logo, contemplar nunha mesma entrada os usos como participio, adxectivo e substantivo.

ATESTAR

Neste diccionario preténdese, e con bo criterio, separa-la entrada que remonta ó lat. *attestari*:

Atestar¹, v. tr. (1) Testemuñar, afirmar, aseverar, certificar, declarar. (2) Certificar por escrito: '*atestaba que era verdade*'. (3) Demonstrar, tornar ou facer manifesto, evidente: '*os feitos atestan que non mentia*'. (4) Facer calar a alguén. Contestar: '*non hai quen lle ateste*' [lat. **attestare*, por *attestari*].

da homónima, que é unha formación romance a partir do substantivo **testo** 'tapa dunha perfia':

Atestar², v. tr. (1) Encher até o testo. (2) Abarrotar, ateigar. (3) Acabar de encher un pipote do que se extrai algo de viño para que o resto non se avinagre. v. i. Estremar, limitar, lindar, testar, ser contíguo a: '*esta leira atesta coa que leva meu pa*' [der. de *testo*].

Pero en **Atestar¹** sobra a acepción (4) 'facen calar a alguén. Contestar', onde **atestar** é un verbo formado sobre o substantivo **testa** 'cabeza', que tería primariamente o significado de 'dar na cabeza', de onde, metaforicamente, a acepción que tratamos. Neste caso os dicionaristas deberían ou ben optar por incluír unha entrada **Atestar³** (< de *testa*), ou ben, tendo en conta que **testo** se formou a partir de **testa**, e ámbalas palabras remontan polo tanto ó mesmo étimo latino vulgar,

xuntar en *Atestar*² as acepcións relacionadas con *testo* e *testa*. Neste caso a acepción (4) de *Atestar*¹ debería pasar para *Atestar*².

AUXILIAR

Auxiliar, v. tr. (1) Prestar auxilio a. Axudar. Socorrer: '*auxiliar os feridos*'. (2) Auxiliar a ben morrer. adx. (1) Que auxilia. (2) Aplica-se a cousas, servizos, etc., que axudan a outra cousa ou a completan: '*servizos auxiliares*'. (3) Designativo do verbo que entra na formazón dos tempos de outro verbo. s. (1) Aquel que auxilia. Persoa que axuda a outra nun traballo e, sobretodo, nun traballo intelectual. (2) Funcionario de categoría inferior nos corpos administrativos. Sinóns. *Adxunto, axudante, auxiliário* [lat. *auxiliare*].

O que se dixo con respecto a *articular* é aplicable tamén para *auxiliar*, onde se confunde o verbo co adxectivo.

AVENZA

Avenza (AVENÇA), s. f. (1) Cuantía certa a pagar anticipadamente por servizos ou impostos. O contrato para ese pago. (2) Conciliación entre dúas partes. Acordo. Pacto. (3) Facenda. Bens. Propriedades: '*ten moita avenza*'. (5) O rebaño de unha persoa ou lugar. Sinóns. *Avinza, acordo, pacto, concerto, facenda* [lat. *adventia*, por *adventitia*].

Unha grave, aínda que non infrecuente, confusión aparece nesta entrada, onde se mesturan as acepcións que corresponden a dúas palabras distintas, que son homófonas pero que non deben ser homógrafas. Trátase das voces *avenza* ou *avinza*, que remonta ó latín *adventitia*, derivado do verbo *advenire*, á que corresponden as dúas primeiras acepcións desta entrada; e de *habenza* (que se debe escribir con *h*-, por ser un derivado do verbo latino *habere*), á que corresponden as acepcións (3) e (5) da entrada -falta, como pode comprobarse, a acepción 4-. Resulta obvio que a etimoloxía que se propón para esta palabra só é aplicable ás dúas primeiras acepcións.

3. CONCLUSION

O tratamento inadecuado dos homónimos deriva no corpus analizado, non das intencións do autor do dicionario, senón dun deficiente coñecemento da realidade lingüística e, sobre todo, da falta de información sobre a evolución histórica da lingua. Isto leva a erros recorrentes, entre os que podemos sinalar como principais os seguintes:

- Non incorporación como entradas dos homónimos existentes no corpus que abarca o dicionario (véx., por exemplo, *alfa, alobado, amolloar, anal, atestar*, etc.).

- Ás veces aparecen como dúas entradas distintas falsos homónimos que, en realidade, son a mesma palabra (véx., por exemplo, *arador*¹ e *arador*², *asomar*¹ e *asomar*², *atado*¹ e *atado*², etc.).

- Cando se introducen palabras homónimas como entradas distintas hai confusións entre as acepcións que corresponden a cada unha delas (véxanse os casos de *atestar, arrendar, asado*).

- Confusión entre palabras homófonas, pero non homógrafas, como ocorre en casos coma o da entrada *avenza*, á que se atribúen acepcións correspondentes a *habenza*. Igualmente, en *abiñar* aparecen acepcións propias de *aviñar*, e, pola contra, en *aviñar* atopamos acepcións de *abiñar*.

- Atribución dun étimo determinado a unha palabra que só é correcto para algunha das súas acepcións, pero non para outras (véx., por exemplo, *abadar, aportar, asente, avenza*, etc.).

En suma, unha solución axeitada do problema da homonimia nos dicionarios non é posible sen a definición dun método coherente, e sen o profundo coñecemento dos vocábulos tanto na súa etimoloxía coma nas vicisitudes históricas que sufriron. Só deste xeito será posible separar e delimita-las acepcións que lle son propias a cada un dos homónimos.